

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 37680 (10/POC-009190)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a opinión do Goberno galego referida á adaptación da dotación de persoal de atención directa e facultativo da Residencia de Maiores de Pontepedriña ás necesidades existentes nela, as súas previsións respecto do aumento da ratio de persoal nos centros de maiores e as medidas que vai adoptar para resolver a problemática da integración de persoas con enfermidades mentais en residencias
Publicación da reconversión, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.2 40514 (10/POC-009191)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego respecto das irregularidades reflectidas no informe do Consello de Contas de Galicia publicado no ano 2018 en relación coa residencia de persoas maiores de Laraxe, no concello de Cabanas, así como as súas previsións referidas á asunción da xestión directa do centro
Publicación da reconversión, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.3 53469 (10/POC-008383)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre a incorporación no Sergas do servizo de psicoloxía clínica na atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.4 53479 (10/POC-008387)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas de violencia machista en situación de especial vulnerabilidade



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

- 1.5 53720 (10/POC-009192)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as contratacións realizadas para a cobertura das vacacións do persoal laboral nas residencias de maiores no verán de 2019
Publicación da reconversión, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.6 55472 (10/POC-009193)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as deficiencias sinaladas pola Xunta de Galicia aos responsables da residencia DomusVi Chantada para o seu arranxo
Publicación da reconversión, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.7 56464 (10/POC-008878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das actuacións referidas á endometriose, reflectidas no acordo parlamentario ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019
- 1.8 57629 (10/POC-009047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o tipo de información que a Xunta de Galicia se comprometeu a ofrecerlles ás persoas usuarias do sistema público de saúde no proceso de decisión do centro hospitalario no que serán intervidas, así como as previsións do Goberno galego respecto da incorporación ao seu protocolo de actuación da información completa en relación co tempo de demora estimado para unha intervención
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 1.9 57956 (10/POC-009109)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias detectadas pola Asociación de Parkinson de Ferrol no funcionamento do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019

- 1.10 58105 (10/POC-009132)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os datos referidos á nova ambulancia anunciada polo Goberno galego para a comarca do Deza con localización base en Lalín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019
- 1.11 58153 (10/POC-009138)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das denuncias do comité de empresa do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas ao déficit de persoal no Servizo de Medicina Interna do centro, a posible incidencia das condicións laborais existentes no servizo na garantía da calidade asistencial e as medidas previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019
- 1.12 58506 (10/POC-009167)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre os cambios que poden supoñer para a asistencia sanitaria, e nomeadamente para a atención primaria, as novas estruturas orgánica e territorial do Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Marta María
Rodríguez-
Vispo
Rodríguez

Firmado digitalmente por Marta
María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Marta María Rodríguez-Vispo
Rodríguez,
email=marta.rodriguez.vispo.rodriguez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.11.20 18:13:28
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/11/2019 18:13:28

